

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

**Expediente núm.: 2023/C003/000003**

### **Memoria Xustificativa do contrato de obra: Contratación de Obras .Camiño Piñeiro-Vila da Igrexa (Cerdido)**

**Procedemento:** Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado  
Artigo 159.6 da Lei 9/2017

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

#### **Introdución. Necesidades administrativas a satisfacer :**

A finalidade da execución destas obras ,e a mellora e conservación da infraestrutura viaria do Concello , que contribúan a xerar cohesión social e territorial e a mellorar as condicións de vida e de traballo no medio rural , facilitando a accesibilidade e a vertebración do territorio e o aumento da competitividade dos sectores produtivos de Cerdido.

#### **Obxecto do contrato. Contratación de Obras .Camiño Piñeiro-Vila da Igrexa (Cerdido)**

##### **Descrición das obras**

Pretende o presente proxecto a mellora da capa de rodaxe do camiño de 850 m. de lonxitude e 5,00 m de ancho, con cinco centímetros de aglomerado en quente a toda a plataforma, previa reparación de baches e perfilado de mordentes con grava e tratamento asfáltico semiprofundo. Completan a obra a limpeza de gabias e salvagabias para o correcto drenaxe lonxitudinal e transversal e a sinalización horizontal con pintado de liñas en bordes.

#### **Análise Técnica .Consideracións técnicas e requirimentos**

Están desenvolvidas no proxecto de obra asinada polo Enxeñeiro de camiños Julio R, Rojo Martinez .


##### **Análise Económica.Valor Estimado**

Tal e como dispón o artigo 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,o valor estimado do contrato será o importe total sen incluír o IVE:48086,62 € .

Importe con IVE :58.184,81 €

#### **Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira**

En cumprimento dos disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a valoración da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da mesma.



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

O Contrato desta obra , esta subvencionado por un axente financiador. Deputación da Coruña ao abeiro do Plan de obras e servizos 2022 AD/B , , confirmado a súa aprobación definitiva por acordo do Pleno da Deputación, na sesión ordinaria realizada o 25 de novembro do 2022 .

**O principio de sustentabilidade financeira,** entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira, como a débeda comercial.

Non é preciso formalizar unha operación de crédito para financiar a contratación referida; xa que Contrato desta obra , esta subvencionado

En relación coa débeda comercial, debe analizarse se os compromisos de gasto xerados por esta contratación fanse cumprimento o período medio de pago a provedores

**O principio de estabilidade orzamentaria,** entendido como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos orzamentarios SEC-10, é a diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos.

A este respecto debe indicarse que o gasto non esta previsto no orzamento inicial , realizando un expediente de xeneración de crédito ,unha vez comunicada a subvención por parte da Deputación

### **Análise do Procedemento**

#### **a. Xustificación do procedemento**

Dado a cuantía do contrato é inferior ao 2.000.000 € , tramitarase polo procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da Lei 9/2017

#### **b. Cualificación do contrato**

Contrato de obra

#### **c. Análise de execución por lotes.**Non é posible a execución por lotes , segundo

consta no informe técnico asinado polo redactor do Proxecto

#### **d. Duración .**O contrato ten unha duración de seis meses , segun establece o proxecto

técnico da obra